

**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 22 DE OUTUBRO DE 2015,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

PROXECTOS DE LEI

**VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS
E XUSTIZA**

- Anteproxecto de Lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público.

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Decreto polo que se dispón que cese José Antonio Fernández Vázquez como secretario xeral técnico da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.
- Decreto polo que se nomea a Joaquín Macho Canales novo secretario xeral técnico da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.
- Decreto polo que se aproba o cambio de titularidade dun treito da estrada OU-320 Piñeira de Arcos (N-525)a Ponte Noalla (OU-105) a prol do Concello de Taboadela.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Decreto polo que se nomea a Covadonga Toca Carús como secretaria xeral de Emprego.
- Decreto polo que se nomea a Alfonso Marnotes González como director xeral de Orientación e Promoción Laboral.

ACORDOS

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA

- Acordo polo que se aproba a revisión efectuada dos procedementos administrativos da Consellería de Economía, Emprego e Industria para os efectos da súa incorporación á sede electrónica mediante orde do vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO

- Acordo polo que se aproba o proxecto do plan hidrolóxico da Demarcación Hidrográfica de Galicia Costa 2015-2021.

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- Acordo polo que se autoriza a sinatura do Acordo da Comisión Bilateral de Seguimento relativo á área de rexeneración e renovación urbana denominada Camiños de Santiago, 3ª fase, nas provincias da Coruña, Lugo, Ourense e Pontevedra. Comunidade Autónoma de Galicia. Plan estatal de fomento do alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria, e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, por importe de dous millóns setecentos mil euros (2.700.000,00€).

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Acordo polo que se autoriza a subscripción do convenio de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e a Universidade de Santiago de Compostela para o desenvolvemento do Proxecto de infraestruturas e equipamento para a consolidación da liña de investigación en xeración de radioisótopos da USC.

INFORMES

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

- Informe sobre apoios financeiros ás explotacións leiteiras.
- Informe sobre liñas de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e o Laboratorio Ibérico Internacional de Nanotecnoloxía (INL) para o impulso da



nanotecnoloxía como tecnoloxía facilitadora esencial na Comunidade Autónoma de Galicia.



A XUNTA APROBA O ANTEPROXECTO DA LEI QUE REGULA E ORDENA OS SERVIZOS XURÍDICOS DA ADMINISTRACIÓN XERAL E O SECTOR PÚBLICO DE GALICIA

- *O Consello Xeral do Poder Xudicial emitiu informe favorable e considerou como un acerto a adaptación da lei aos principios de racionalización, simplificación e mellora da calidade normativa*
- *Ademais, o CXPX resaltou o compromiso da Comunidade Autónoma galega co mantemento dun marco normativo estable e simplificado*
- *A lei explica con precisión cales son os casos nos que un empregado ou autoridade pública poderá recibir asistencia letrada da Administración*
- *Asegúrase que ningunha persoa que fose culpable do delito que se lle acusa vexa a súa defensa pagada con cargo ao erario público*
- *Trátase dun dos cinco textos legislativos que o Goberno galego se comprometeu a aprobar en 50 días a partir da presentación do Programa de impulso democrático*

O Consello da Xunta aprobo hoxe o Anteproxecto de Lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público, que regulará e ordenará os servizos xurídicos na nosa comunidade, dilucidando con precisión os casos en que un empregado ou autoridade pública poderá ou non recibir asistencia letrada da Administración.

O Anteproxecto de Lei foi remitido ao Consello Xeral do Poder Xudicial, que emitiu informe favorable sobre a norma. O texto establece a participación da Asesoría Xurídica da Xunta na elaboración das normas e actuacións para a adaptación da lei aos principios de racionalización, simplificación e mellora da calidade normativa, que o CXPX valora positivamente en canto que pon fin á dispersión das normas reguladoras nesta materia.

Coa aprobación desta lei sáldase unha débeda pendente dende os principios da autonomía galega. O persoal letrado da Xunta levaba funcionando dende o ano 1984 baixo o amparo dunha normativa legal moi básica que tiña incluso un carácter "provisional" no título da lei. Agora, 30 anos despois, contarán por fin cun texto completo e moderno para regular a actividade dun corpo fundamental para o bo desempeño da Xunta de Galicia.

A Lei de ordenación da asistencia xurídica da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e do seu sector público é un dos cinco textos legislativos que o Goberno galego se comprometeu a poñer en marcha en 50 días a partir da presentación do seu Programa de impulso democrático.

O texto está dividido en cinco capítulos nos cales, entre outras cuestións, se regula o papel fundamental da Asesoría Xurídica como órgano de control de legalidade das normas, contratos, convenios, subvencións e outro tipo de expedientes. Ademais, este control da legalidade que exerce o persoal letrado esténdese a todo o sector público autonómico, para que os entes da Administración instrumental estean suxeitos ao mesmo grao de supervisión e de rigor que a Administración xeral.

Tamén se regula a representación e defensa en calquera proceso xudicial dos intereses do sector público autonómico de Galicia e, especificamente, ante o Tribunal Constitucional ou organismos internacionais en asuntos relativos ao dereito constitucional ou ao dereito comunitario; e prevese o exercicio da acción popular, tal e como xa se está a facer en eidos tan sensibles como os delitos de incendios forestais ou os de violencia de xénero con resultado de morte. Para todas estas funcións, faise especial fincapé no uso da lingua galega e na utilización de medios electrónicos

Defensa de autoridades e empregados públicos

Así mesmo, abórdase un asunto que requiría dunha regulación clara para encher un baleiro normativo: a defensa en xuízo de autoridades e empregados públicos, que se aborda co obxectivo claro de que en ningún caso unha persoa culpable dun delito resulte beneficiada ao ser defendida con cargo ao erario público.

Para iso, someterase calquera petición de asistencia letrada a unha avaliación, tanto por parte da consellería en que a dita persoa preste os seus servizos como da propia Asesoría Xurídica Xeral, que tomará a decisión final. Esa decisión deberá ter en contra, con carácter primordial, a posible contraposición de intereses entre a persoa acusada e a Administración autonómica e conta cuns criterios claramente delimitados no texto da lei. Non se poderá prestar esta asistencia a persoas sobre as cales existan indicios claros de ter actuado deliberadamente en contra dos intereses da Administración e, en consecuencia, dos intereses dos galegos e galegas.

No caso de que estas circunstancias non sexan apreciadas nun inicio pero se revelen durante o transcurso do proceso xudicial, a autorización do servizo de defensa será revogada. Non obstante, para evitar recursos que poidan levar á nulidade do proceso, establécese claramente que o letrado que pase a exercer a posición acusadora por parte da Xunta deberá ser unha persoa distinta á que exercese con anterioridade a defensa do acusado.

En última instancia, cando como resultado da sentenza se demostre que unha persoa que recibiu a asistencia letrada da Xunta de Galicia fose culpable do delito polo que se lle acusaba, establécese a obriga por parte desta persoa de reintegrar os gastos de defensa en que teña incorrido a Administración autonómica. Do mesmo xeito, no caso

inverso, a aquelas persoas ás cales se lles denegase e resulten absolutas terán que ser compensadas.

Autoprovisión

Este novo texto lexislativo desenvolve o principio de autoprovisión que xa fora introducido na Lei de racionalización do sector público, é dicir, a idea de non contratar fóra aquilo que se pode prestar con medios propios. A asistencia xurídica era un dos eidos nos cales se prevía implantar este principio e así se concretou no Catálogo de prestacións susceptibles de autoprovisión que aprobou a Xunta a finais do pasado ano en desenvolvemento da dita lei.

Establécese que, previamente á apertura de calquera expediente de contratación dunha consultaría legal ou dun despacho de avogados externo, haberá que dar parte desa intención á Asesoría Xurídica Xeral para que se pronuncie sobre se pode asumir esa función cos seus propios letrados. En todos os casos en que poida, así o fará; e mesmo naqueles en que non poida, conservará o poder de supervisar a execución do dito contrato e de coordinar a súa actuación para que se suxeite á unidade de doutrina legal dentro do sector público autonómico.

Calidade normativa

Na nova norma desenvólvese tamén o principio de calidade normativa introducido pola Lei de racionalización, que no seu desenvolvemento aprobou xa unhas Directrices de técnica normativa para unificar os criterios estruturais e formais das futuras normas da Xunta. Agora, asignáselle legalmente á Asesoría Xurídica Xeral a misión de velar polo cumprimento desas directrices nos seus informes, garantindo esa homoxeneidade e claridade no noso ordenamento xurídico.

Seguindo con eses principios de calidade normativa, proclámase a Asesoría Xurídica Xeral como órgano coordinador dos procesos de simplificación normativa e de refundición. Actualmente está en marcha o primeiro Plan de simplificación lexislativa da historia de Galicia, no cal se propuxo rematar a lexislatura cun 25 por cento de leis menos; non obstante para continuar ese esforzo, a revisión, avaliación e a racionalización do mapa xurídico será un proceso periódico do que tamén se encargará a Asesoría Xurídica Xeral.

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A JOAQUÍN MACHO CANALES NOVO SECRETARIO XERAL TÉCNICO DA CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA

- *Macho Canales, licenciado en Dereito pola Universidade Pontificia de Comillas, ocupaba actualmente o cargo de vicesecretario xeral da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza*
- *No ano 2012 desempeñou o cargo de vicesecretario xeral da Consellería do Medio Rural e do Mar e no 2013 traballou como asesor xurídico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou o decreto polo que se nomea a Joaquín Macho Canales novo secretario xeral técnico da Consellería de Infraestruturas e Vivenda, logo do cesamento por petición propia de José Antonio Fernández Vázquez, para asumir novas responsabilidades.

Macho Canales é licenciado en Dereito pola Universidade Pontificia de Comillas e na actualidade ocupaba o cargo de vicesecretario xeral da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Desde 2006 é funcionario do corpo superior de Administración da Xunta de Galicia, na escala de letrados. Desempeñou tarefas de responsabilidade como letrado asesor no Gabinete Xurídico Territorial de Santiago.

No ano 2009 foi nomeado subdirector xeral de Recursos Humanos e Coordinación Administrativa da Consellería do Mar e en 2012 desempeña o cargo de vicesecretario xeral da Consellería do Medio Rural e do Mar. Posteriormente, no 2013 desenvolve o posto de asesor xurídico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

A XUNTA AUTORIZA O TRASPASO AO CONCELLO DE TABOADELA DUN TRAMO DA ESTRADA OU-320 LOGO DE REFORZAR A SÚA SEGURIDADE VIARIA

- *A Consellería de Infraestruturas está a levar a cabo obras de rehabilitación desta estrada, unhas actuacións que melloraron o estado do firme, que presentaba deformacións e irregularidades na sección transversal como consecuencia de diversas reparacións parciais realizadas ao longo dos anos*
- *Estes traballos son un exemplo do esforzo que o Goberno galego realiza en materia de conservación de estradas, con actuacións ás cales se destinan máis de 24 millóns de euros neste ano*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o cambio de titularidade dun tramo da estrada OU-320, entre Piñeira de Arcos (N-525) a Ponte Noalla (OU-105), a prol do Concello ourensán de Taboadela, concretamente, desde o punto quilométrico 17+500 ata o p.q. 19+700.

Esta estrada ten unha funcionalidade local, posto que é unha vía paralela á N-525, sendo a estrada nacional a que presta o servizo para os tráxicos de longo e medio percorrido.

A Consellería de Infraestruturas e Vivenda, a través da Axencia Galega de Infraestruturas (AXI), está a levar a cabo obras de rehabilitación do firme desta estrada, nas cales investirá 200.000 euros. As obras están executadas na súa meirande parte, só resta rematar o tratamento superficial e a sinalización. A súa finalización está prevista para o vindeiro mes de novembro.



Con esta actuación o Goberno autonómico mellorou o estado do firme, que presentaba deformacións e irregularidades na sección transversal como consecuencia de diversas reparacións parciais realizadas ao longo dos anos.

Os traballos fixéronse nos núcleos de Espiñeira e Taboadela e consistiron no fresado do firme ata eliminar as deformacións existentes e a posterior extensión dunha nova capa de rodadura. A rehabilitación supuxo tamén a reposición da sinalización da estrada.

Desde a Consellería de Infraestruturas sinálase que estes traballos son un bo exemplo do esforzo que a Xunta de Galicia está a realizar en materia de conservación de estradas, con actuacións que non só se limitan ás tarefas ordinarias de conservación, ás cales se destinan máis de 24 millóns de euros neste ano e se complementan con obras de conservación extraordinarias.

Co cambio de titularidade, o Concello de Taboadela poderá actuar sobre esta vía, que pasa a ser de titularidade municipal, de modo acorde coas súas características urbanas. Cómpre lembrar que a Axencia Galega de Infraestruturas acometeu as melloras solicitadas por este municipio ourensán en materia de firme e na sinalización.

O cambio tramítase de acordo co previsto na Lei 8/2013, do 28 de xuño, de estradas de Galicia, que establece que deberá ser aprobado por decreto da Xunta, por proposta da consellería competente en materia de estradas e logo do acordo entre as administracións afectadas. A entrega dos bens formalizarase no prazo dos dous meses seguintes á publicación deste decreto no *Diario Oficial de Galicia* (DOG), mediante a sinatura da correspondente acta de entrega.



Comunicación da Xunta de Galicia
San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
Correo-e: comunicacion@xunta.es



**FONDO EUROPEO DE
DESENVOLVEMENTO REXIONAL**
"Unha maneira de facer Europa"
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FSE inviste no teu futuro"

UNIÃO EUROPEA

O CONSELLO DA XUNTA NOMEA A COVADONGA TOCA CARÚS SECRETARIA XERAL DE EMPREGO E A ALFONSO MARNOTES GONZÁLEZ DIRECTOR XERAL DE ORIENTACIÓN E PROMOCIÓN LABORAL

- *Toca Carús, licenciada en dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, ocupaba desde decembro de 2011 o cargo de secretaria xeral do Igape*
- *Con anterioridade, foi xerente da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia, secretaria xeral da Cámara de Comercio de Ourense e secretaria do Consello Social da Universidade de Santiago*
- *Marnotes González, licenciado en dereito pola Universidade Complutense de Madrid, desempeñaba desde xullo de 2009 o cargo de vicesecretario xeral da Consellería de Economía e Industria*
- *Funcionario do corpo superior de Administración da Xunta de Galicia, entre 2000 e 2009 exerceu como técnico e secretario do Concello de Cangas*

O Consello da Xunta de Galicia aprobou os decretos que nomean, na Consellería de Economía, Emprego e Industria, a Covadonga Toca Carús como nova secretaria xeral de Emprego e a Alfonso Marnotes González como director xeral de Orientación e Promoción Laboral.

Toca Carús (Ferrol, 1962) é licenciada en dereito pola Universidade de Santiago de Compostela, e ocupaba desde decembro de 2011 o cargo de secretaria xeral do Igape, a onde chegara despois do seu labor como xerente da Fundación para o Fomento da Calidade Industrial e o Desenvolvemento Tecnolóxico de Galicia.

Con anterioridade, ocupou os cargos de secretaria xeral da Cámara de Comercio de Ourense, secretaria do Consello Social da Universidade de Santiago e secretaria xeral da Confederación de Empresarios de Ourense.

Pola súa banda, José Alfonso Marnotes González (O Carballiño, 1971) é licenciado en dereito pola Universidade Complutense de Madrid, e desempeñaba desde xullo de 2009 o cargo de vicesecretario xeral da Consellería de Economía e Industria.

Funcionario do corpo superior de Administración da Xunta de Galicia e técnico de Administración Local, entre 2000 e 2009 exerceu como técnico e secretario do Concello de Cangas.

CIDADÁNS E EMPRESAS GALEGAS TERÁN ACCESO ELECTRÓNICO A MÁIS DE MIL PROCEDEMENTOS ADMINISTRATIVOS

- *O Consello da Xunta aprobou hoxe a incorporación á sede electrónica de 51 novos procedementos pertencentes á Consellería de Economía, Emprego e Industria*
- *En 2014 o Goberno galego puxo en marcha o Plan Achega, co obxectivo de acadar unha Administración máis áxil, eficiente e próxima nas súas relacións coa cidadanía*

O Consello da Xunta aprobou hoxe unha orde da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza que autoriza a incorporación á sede electrónica, <http://sede.xunta.es>, de 51 procedementos administrativos da Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Esta actuación englobase dentro do Plan Achega, un plan de axilización administrativa que busca reducir cargas e tempos de tramitación a cidadáns e empresas e que culminará coa simplificación e mellora da totalidade dos procedementos administrativos da Xunta.

Coa incorporación destes 51 novos procedementos á Sede electrónica, xa ascenden a 1.051 os trámites aos que os galegos e galegas poden acceder de xeito electrónico. Isto supón un 70 por cento do total que oferta a Xunta de Galicia.

Máis de 200 procedementos revisados

Nesta última operación, á que hoxe vai a Consello, revisáronse os 255 procedementos da Consellería de Economía, Emprego e Industria. Destes, déronse de baixa 152 por estar obsoletos ou non utilizarse; 21 habilitáronse electronicamente a través da súa regulamentación específica e un mantense como presencial dadas as súas características.

Finalmente, 51 novos procedementos foron preparados para admitir a súa presentación electrónica a partir da entrada en vigor da nova orde da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza. Entre estes novos procedementos destacan, por exemplo, os relativos á obtención da autorización comercial autonómica, a autorización de canalización de gas, as reclamacións en materia de enerxía e electricidade, a inscrición de novas organizacións de consumidores e usuarios de Galicia no rexistro, a concesión de avais a empresas, a comunicación de incendios nos establecementos industriais ou o procedemento para a concesión, uso e control da marca Artesanía de Galicia, propiedade da Xunta de Galicia.

A partir de publicación desta orde, continuarase coa revisión polos grupos de traballo dos procedementos restantes e procederase a súa adaptación e incorporación, se é o

caso, á sede electrónica mediante novas ordes da Vicepresidencia e Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

Notificación electrónica.

Nestes 51 novos procedementos as persoas interesadas poderán solicitar que as notificacións que se practiquen sexan realizadas tamén de maneira electrónica, o que redundará nunha maior axilidade nas relacións entre a Xunta de Galicia e a cidadanía.

'Plan Achega 2014-2016'

O 27 de febreiro de 2014 a Xunta aprobou o Plan Achega, un plan que como o seu propio nome indica pretende alcanzar o máximo grao de achegamento da administración á cidadanía, a través dunhas relación entre ambos máis simple, rápida e fluída; e grazas ao papel fundamental que xogan na actualidade as novas tecnoloxías e os medios electrónicos.

Os eixos centrais do Plan Achega son potenciar a sede electrónica da Xunta mediante a culminación da incorporación de todos os procesos administrativos á disposición do cidadán, a simplificación dos procedementos, e a eliminación dos documentos que progresivamente se incorporen na plataforma de interoperabilidade; é dicir, que non se lle pida presentar novamente ao cidadán documentos que a propia Administración poida obter directamente.

APROBADO O NOVO PLAN HIDROLÓXICO DE GALICIA-COSTA, NO QUE A XUNTA INVESTIRÁ 423 MILLÓNS DE EUROS ATA 2021

- *Con este paso, culmínase a tramitación por parte do Goberno autonómico desta folla de ruta, que agora deberá ser remitida ao Estado para a súa aprobación definitiva*
- *Este documento márcase como principal obxectivo a protección do dominio público hidráulico e un incremento da dispoñibilidade do recurso*
- *Entre as principais novidades, destaca que se valorarán o 100 por cento das masas de auga e que nesta avaliación se incorporarán moitos máis parámetros*
- *Simplifícase a normativa e regúlase por primeira vez os usos en zonas con risco de inundación*
- *Aprobarase un réxime de caudais ecolóxicos específico para cada masa de auga, fronte á actual fórmula xenérica*
- *A demarcación conta actualmente con 414 masas de auga da rede fluvial, 22 de transición, 29 costeiras e 18 subterráneas*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o novo proxecto do Plan hidrolóxico de Galicia-Costa 2015-2021, que culmina así a súa tramitación por parte do Goberno autonómico. Agora, remitirase ao Ministerio de Medio Ambiente, Medio Rural e Marino para, logo do informe preceptivo do Consello Nacional da Auga que se celebrará o próximo 28 de outubro, ser posteriormente ratificado polo Consello de Ministros mediante real decreto.

As comunidades autónomas teñen delegadas as competencias na xestión das bacías cuxos ríos (principais e afluentes) discorren integramente dentro do seu territorio. Neste caso, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación de Territorio, a través de Augas de Galicia, é responsable desta demarcación, e polo tanto, da súa planificación hidrolóxica, o que constitúe un requirimento legal.

A folla de ruta aprobada hoxe ten como principal obxectivo alcanzar unha adecuada protección do dominio público hidráulico e un incremento da dispoñibilidade do recurso, satisfacendo as demandas de auga, protexendo a súa calidade, e racionalizando os distintos usos da auga en harmonía co ambiente.

Para chegar a esta meta, o Plan prevé un investimento global de 655 millóns de euros ata 2021, dos cales a Xunta achegará un total de 423, os restantes corresponden a outras administracións. A maior parte deste investimento (410 millóns de euros) destinarase a melloras de saneamento e depuración e, dentro desta área, farase especial fincapé en novos investimentos para as rías galegas, que acadarán os 131 millóns de euros para os próximos seis anos.

Xa no que se refire aos contidos concretos do plan, pódense destacar os seguintes: unha descrición xeral da demarcación hidrográfica Galicia-Costa; usos e demandas da auga e inventario de presións (difusas, verteduras, ou alteracións hidromorfolóxicas); restricións e prioridades de usos e asignación de recursos; identificación das zonas protexidas; programas de control e valoración de estado das masas de auga; determinación dos obxectivos ambientais; programa de medidas; normativa para a administración do dominio público hidráulico; e resumo de todo o proceso de participación pública realizado.

Precisamente, con respecto a este último punto, tivo especial importancia a transparencia na elaboración deste proxecto, o fomento da participación activa de todas as partes interesadas, e a interacción real de todos os actores implicados.

Principais novidades

O novo plan incorpora importantes novidades. Entre elas, destaca que se valorará o estado do 100 por cento das masas de auga, fronte ao 90 por cento que se tiña acadado na anterior estratexia. Ademais, para esta avaliación, incorpóranse moitos máis parámetros co fin de determinar o cumprimento non só da directiva europea de planificación hidrolóxica, senón tamén doutras como a de moluscos, ou a de calidade de augas de baño.

Ademais, a normativa simplifícase, ao pasarse dos 62 artigos do plan anterior aos 45. Por primeira vez, apróbese un réxime de caudais ecolóxicos para cada masa de auga, fronte á anterior fórmula xenérica do 10% do caudal medio, e regúlanse os usos en zonas con risco de inundación.

O documento eleva a prioridade do uso da acuicultura por considerarse un sector estratéxico para Galicia, e iguáalo co uso agrícola ou gandeiro.

Máis polo miúdo, mellóranse os programas de control de augas superficiais, a través do incremento nun 40 por cento do número de estacións no programa de control de vixilancia e de cuadruplicar o programa de control operativo. Tamén se amplían de 51 a 75 as estacións do programa de control de augas subterráneas. E, seguindo as indicacións da directiva marco da auga, inclúese un programa de control cuantitativo, que inclúe 25 estacións de control piezométrico e 32 de control hidrométrico.

Demarcación Galicia-Costa

A demarcación Galicia-Costa inclúe 484 masas de auga, das cales 415 son fluviais, 22 de transición, 29 costeiras e 18 subterráneas. En total, suman uns 12.700 hm³/ano de recursos hídricos dispoñibles.

A demarcación conta cunha superficie de 13.000 km², que supoñen arredor do 44% do territorio galego e concentran 2 millóns de habitantes, distribuídos en 182 concellos.

O CONSELLO DA XUNTA APROBA O ACORDO QUE PERMITIRÁ INVESTIR CASE 8 MILLÓNS DE EUROS NA RECUPERACIÓN DE 300 VIVENDAS DA ÁREA DE REHABILITACIÓN DO CAMIÑO DE SANTIAGO

- *O acordo permitiralle ao Goberno galego destinar 2,7 millóns de euros de fondos públicos a esas obras*
- *Este convenio súmase aos aprobados recentemente para o investimento de 28,5 millóns nas ARIS de 38 municipios*
- *A Área de Rehabilitación dos Camiños de Santiago foi declarada en 2010 e comprende preto de 500 parroquias repartidas por 107 concellos*

O Consello da Xunta aprobou hoxe o acordo que permitirá investir preto de 8 millóns de euros en obras de recuperación de 300 vivendas situadas na Área de Rehabilitación do Camiño de Santiago. Trátase dun convenio da Comisión Bilateral Xunta de Galicia-Ministerio de Fomento que fará posible que o Goberno galego destine 2,7 millóns de fondos públicos a esas obras.

Con esta medida, incluída no Plan estratéxico do Camiño de Santiago recentemente aprobado pola Xunta de Galicia, os propietarios de vivendas situadas na área de rehabilitación dos Camiños de Santiago poderán beneficiarse de subvencións a fondo perdido de ata o 35 por cento do orzamento protexible para a rehabilitación das súas vivendas nos anos 2015 e 2016.

O IGVS xestionará estas axudas e publicará no *Diario Oficial de Galicia* a correspondente convocatoria para presentar as solicitudes.

A Área de Rehabilitación do Camiño de Santiago foi declarada pola Comisión Bilateral de Vivenda o 17 de decembro de 2010, e comprende o trazado das sete rutas do Camiño en Galicia:

- Francés. Dende Pedrafita do Cebreiro ata Santiago de Compostela
- Da Prata I. Dende A Mezquita ou Verín ata Ourense
- Da Prata II. Dende Ourense ata Santiago de Compostela
- Inglés. Dende Ferrol ou A Coruña, xuntándose en Mesía ata Santiago de Compostela
- Primitivo. Dende A Fonsagrada ata Melide que conecta co Camiño Francés
- Norte. Dende Ribadeo ata Arzúa que conecta co Camiño Francés
- Fisterra-Muxía. Dende Santiago de Compostela ata Fisterra con desvío Muxía
- Portugués. Dende Tui a Santiago de Compostela

En total son 498 parroquias de 107 concellos distintos os que se poden beneficiar das axudas desta Área de Rehabilitación. Nos concellos rurais as axudas son aplicables na totalidade da parroquia pola que transcorren as rotas do Camiño de Santiago, mentres que nas zonas urbanas a Área de Rehabilitación limítase á traza do Camiño.

Desde a declaración da Área de Rehabilitación dos Camiños de Santiago rehabilitáronse nela 130 vivendas, cun investimento público próximo aos 900.000 euros.


Hai que ter en conta, ademais, que os orzamentos da Xunta para o ano 2016 recollen unha partida de 500.000 euros de fondos propios para destinar a axudas á rehabilitación na ARI do Camiño, que se agarda que sexa tamén complementada con novos fondos estatais.

O acordo aprobado hoxe polo Consello da Xunta súmase aos aprobados recentemente para o investimento de 28,5 millóns en 54 áreas de rehabilitación integral repartidas por 38 municipios galegos.

67 ARI declaradas

Dende 1996, ademais da Área de Rehabilitación dos Camiños de Santiago, foron declaradas en Galicia outras 66 áreas de rehabilitación en 40 concellos diferentes, de maneira que o total de concellos galegos que dispoñen de áreas de rehabilitación ascende a 128, xa que algúns dos concellos incluídos na área dos Camiños de Santiago tamén teñen ARI propias.

En total, dende o ano da súa creación, rehabilitáronse ao abeiro das ARI máis de 11.300 vivendas, cuxos propietarios recibiron axudas da Xunta e o Estado. Os concellos correspondentes tamén realizaron múltiples obras de urbanización e reurbanización no ámbito das ARI, recibindo tamén axudas autonómicas e estatais para as ditas obras. A achegas da Xunta e o Estado para a rehabilitación de vivendas e urbanización e reurbanización superan os 85,5 millóns de euros que induciron un investimento de máis de 15 millóns de euros por parte dos concellos e preto de 90 millóns de euros polos propietarios das vivendas, o que supón que o programa de áreas de rehabilitación xa mobilizou, dende a súa creación en 1996, un total de máis de 190 millóns de euros.



Camiños de Santiago

- Concellos na ARI dos Camiños de Santiago
- Francés
- Portugués
- Do norte
- Inglés
- Primitivo
- De Fisterra e Muxía
- Ruta da plata

Comunicación da Xunta de Galicia
 San Caetano, s/n - 15704 Santiago de Compostela
 Tel.: 981 541 238/42/51 - Fax: 981 541 252/41
 Correo-e: comunicacion@xunta.es



FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL
 "Unha maneira de facer Europa"
 FONDO SOCIAL EUROPEO
 "O FSE inviste no teu futuro"

XUNTA E USC COLABORAN PARA MELLORAR A INVESTIGACIÓN EN DIAGNÓSTICOS MÉDICOS MEDIANTE A PRODUCCIÓN DE NOVOS MARCADORES

- ***O acordo, cun orzamento próximo aos 600.000 euros, posibilitará a adquisición de equipos punteiros para a xeración de átomos capaces de indicar estados patolóxicos, especialmente tumores***
- ***As súas características fan posible a aplicación destas tecnoloxías noutros campos, como a investigación en bioloxía e a industria, permitindo avaliar estados de desgaste ou corrosión ou realizar controis de calidade***

O Goberno galego ten na innovación un dos eixos prioritarios de actuación, co obxectivo de que os resultados da investigación cheguen ao mercado e beneficien a cidadanía mellorando a súa calidade de vida. Neste marco, o Consello da Xunta autorizou hoxe un convenio de colaboración entre a Consellería de Economía, Emprego e Industria e a Universidade de Santiago de Compostela que facilita o avance na investigación sobre novos métodos de diagnóstico médico a través do emprego de novos marcadores.

Así, o acordo, que conta cun orzamento total de case 600.000 euros, dos cales a Axencia Galega de Innovación achega un 30%, encamiñase á adquisición de equipamento de altas prestacións por parte da USC. Uns equipos que posibilitan a xeración de átomos capaces de indicar estados patolóxicos, especialmente tumores, e que teñen tamén aplicación na investigación biolóxica e en procesos industriais.

Neste sentido, a nova maquinaria posibilitará á xeración de radioisótopos, átomos que emiten radiacións. O seguimento destas radiacións permite usar os radioisótopos como elementos rastrexables, por exemplo dentro do corpo humano, de xeito que estes funcionan como marcadores de enfermidade. As novas tecnoloxías de imaxe, como a tomografía por emisión de positrons (PET), permiten detectar e seguir estes átomos, o que as converte en ferramentas de diagnóstico médico de gran valor, particularmente no relativo ao cancro.

Así mesmo, as súas características fan posible a aplicación destas tecnoloxías noutros campos, como a investigación en bioloxía e a industria, onde os radioisótopos se usan para facer seguimento de procesos químicos, avaliar estados de desgaste ou corrosión e realizar controis de calidade, entre outros. Deste xeito, promóvese un modelo no que a xestión e os servizos de apoio á investigación se organizan como un sistema integral, profesionalizado e unificado que garante un uso eficiente dos recursos.

O novo equipamento estará a disposición da comunidade científica da USC a través dos seus servizos xerais de apoio á investigación, e a súa función inicial será a

produción dos mencionados radioisótopos PET, na liña de traballo que o Campus Vida está a desenvolver con aplicacións médicas, pero tamén científicas e industriais.

O apoio da Xunta á adquisición destas instalacións reforza o seu compromiso cunha ciencia excelente capaz de xerar innovación que mellore a calidade de vida das persoas, ao tempo que se pode crear riqueza coa súa comercialización no mercado internacional.

A XUNTA MOBILIZARÁ 10 MILLÓNS DE EUROS NA MELLORA DA LIQUIDEZ DAS EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS GALEGAS

- *A liña de apoios, promovida polas consellerías de Economía, Emprego e Industria e Medio Rural, bonificará os custos financeiros e fará fronte ás garantías requiridas polas entidades bancarias*
- *O programa permitirá reducir a custo cero o tipo de xuro dos préstamos concedidos polas entidades bancarias para refinanciamento de pasivo ou acceso ao circulante, sempre que os intereses anuais xerados polo crédito non superen os 15.000 euros*
- *A medida encádrase nas liñas de apoio financeiro á industria láctea que está a promover o Goberno galego co obxectivo de xerar investimentos por 40 millóns facilitando os investimentos industriais e o acceso ao circulante*

A Xunta de Galicia segue a traballar na procura de acadar solucións á situación actual do sector lácteo. Neste sentido, o Consello da Xunta aprobou hoxe unha nova liña de apoios, promovida polas consellerías de Economía, Emprego e Industria e Medio Rural, que mobilizará ata 10 millóns de euros e que está orientada á mellora da liquidez das explotacións gandeiras galegas.

Para acadar este obxectivo, a liña contribúe a bonificar os custos financeiros e facer fronte ás garantías requiridas polas entidades bancarias ás empresas do sector. Neste contexto, cómpre salientar que os apoios se encamiñan, dun lado, a rebaixar os xuros daqueles préstamos concedidos para o refinanciamento de pasivos e, doutro, a diminuír estes custos nos créditos relativos ao acceso a circulante.

Deste xeito, o programa permitirá reducir a custo cero o tipo de xuro dos préstamos outorgados polas entidades bancarias nestes dous campos –refinanciamento de pasivo e circulante–, sempre que os xuros anuais xerados polo crédito non superen os 15.000 euros. Este límite vén determinado pola normativa actual, que establece nesta cifra a contía máxima de axuda que se pode obter para cubrir os gastos financeiros e as comisións de avais. No caso de superarse esta cifra, recalcularase a bonificación establecendo un novo tipo de xuro.

As contías dos préstamos deberán oscilar entre os 3.000 e os 200.000 euros, con prazos de entre 5 e 7 anos para o refinanciamento de pasivos, e de entre 3 e 7 anos para o circulante. No caso de compatibilizar as dúas opcións, o importe máximo será de 300.000 euros. En ambos os casos, o Igape subvencionará os gastos financeiros das operacións que concedan os bancos e as comisións de aval das sociedades de garantía recíproca, e reavalará ás propias SGR o 25% do risco.

A medida encádrase nas liñas de apoio financeiro á industria láctea que promove o Goberno galego co obxectivo de xerar investimentos por 40 millóns de euros

facilitando os investimentos industriais e o acceso ao circulante. Actuacións englobadas no conxunto de iniciativas que está a adoptar a Xunta para mellorar a competitividade das explotacións, a súa capacidade financeira e de liquidez e a estrutura comercial do sector. Neste sentido, a Xunta destinará ata o 2020 case 650 millóns de euros a impulsar o sector lácteo galego.

A XUNTA INVISTE PRETO DE 3 MILLÓNS NA APLICACIÓN DA NANOTECNOLOXÍA A SOLUCIÓNS INNOVADORAS PARA O AMBIENTE E A SAÚDE

- *A Axencia Galega de Innovación e o Laboratorio Ibérico Internacional de Nanotecnoloxía (INL), situado en Braga, impulsan catro proxectos punteiros liderados por centros de coñecemento galegos que contribuirán á creación e mantemento de máis de 40 empregos*
- *A detección de contaminantes na auga, a prestación de servizos avanzados á industria biomédica internacional, o deseño de novas ferramentas para o diagnóstico e o tratamento do cancro e do ictus e novos alimentos funcionais obtidos de recursos mariños centran estas catro primeiras iniciativas*
- *O Goberno galego está a traballar noutros nove proxectos para presentar a convocatorias europeas de financiamento que buscan aplicar a nanotecnoloxía aos ámbitos biomédico, enerxético, alimentario, ambiental e da automoción*
- *A nanotecnoloxía é unha tecnoloxía facilitadora prioritaria para a RIS3 e a Axenda da Competitividade Galicia - Industria 4.0 pola súa elevada capacidade para incrementar a competitividade de sectores estratéxicos para Galicia*

O Goberno galego investirá preto de 3 millóns de euros na aplicación da nanotecnoloxía para a obtención de solucións innovadoras en sectores estratéxicos para o avance socioeconómico de Galicia. Neste sentido, o Consello da Xunta autorizou hoxe unha liña de colaboración entre a Axencia Galega de Innovación e o Laboratorio Ibérico Internacional de Nanotecnoloxía (INL), situado en Braga, para impulsar, xunto aos centros de coñecemento galegos, catro proxectos que presentan importantes solucións innovadoras nos eidos do ambiente e da saúde, e que contribuirán á creación e mantemento de máis de 40 empregos.

Así, no tocante ao ambiente, o Instituto Tecnolóxico de Galicia (ITG) lidera o proxecto "Waternanoenv", no cal ademais do INL colaboran as tres universidades galegas para aplicar a nanotecnoloxía ao control ambiental no ciclo integral da auga. Esta iniciativa, que conta cun orzamento de 900.000 euros, diríxese a resolver importantes retos tecnolóxicos na detección temperá de contaminantes na auga, por exemplo, a través do deseño de nanosensores para a detección remota e en tempo real de cianotoxinas nas augas de abastecemento procedentes de encoros.

Isto permitirá unha resposta rápida ante emerxencias e situacións de risco por contaminación das augas; mellorar a prevención e a xestión integral para reducir custos en recuperación ambiental e remediación; e protexer a biodiversidade e o patrimonio natural, ademais de mellorar a saúde ambiental e humana.

Pola súa banda, o proxecto “Cronn”, ao cal se destinan 180.000 euros, busca crear un nodo de investigación preclínica e clínica en nanomedicina. A iniciativa, liderada pola Consellería de Sanidade, combina as infraestruturas, as capacidades e o coñecemento do INL e de hospitais, institutos de investigación en saúde e fundacións biomédicas galegas. O desempeño destes axentes aspira a ofrecer á industria farmacéutica e biotecnolóxica internacional servizos avanzados en probas médicas e ensaios clínicos baseados na nanotecnoloxía. Isto implica o posicionamento de Galicia nun mercado de alto valor engadido que presenta unha elevada taxa de crecemento para o futuro.

Tamén no sector da saúde, o proxecto “Inventa-2”, que se dotará con 800.000 euros, céntrase no deseño de nanoestruturas para o tratamento e a diagnose do cancro e do ictus. Impulsada pola Fundación Ramón Domínguez, a iniciativa suporá unha importante redución de custos asociados aos coidados, terapias e tratamentos destas enfermidades complexas.

Deste xeito, traballarase na creación de prototipos, no desenvolvemento de sistemas de seguimento de células clave e na creación de novos produtos sanitarios de elevado interese comercial, que derivarán na creación de empresas de base tecnolóxica e, en consecuencia, de emprego cualificado. Así, mellorarase na calidade de vida dos pacientes, avanzando na diagnose e personalización de terapias.

Os alimentos funcionais son o ámbito do cuarto proxecto, liderado polo centro tecnolóxico Anfaco-Cecopesca cun orzamento de 850.000 euros. Esta iniciativa busca poñer en valor os recursos mariños para a obtención de compostos bioactivos e o deseño de alimentos funcionais para un envellecemento saudable. A nanotecnoloxía permitirá mellorar os procesos para concentrar en pequenas cantidades os beneficios das substancias bioactivas, mellorar as súas funcionalidades e a súa biodispoñibilidade, e desenvolver novos alimentos saudables adaptados ás necesidades nutricionais específicas da terceira idade.

3 millóns en proxectos do H2020

Estes son os catro primeiros proxectos impulsados pola colaboración entre a Xunta e o INL, que abre o marco para que nun futuro se incorporen máis iniciativas dirixidas a seguir posicionando a Galicia nun mercado de enorme proxección, xa que se estima que nun prazo de cinco anos as nanotecnoloxías multipliquen a súa presenza en ámbitos cotiáns.

Neste sentido, o Consello foi informado hoxe sobre os nove proxectos seleccionados para ser presentados a convocatorias transfronteirizas do programa Horizonte 2020 da Unión Europea. Trátase de iniciativas que suman un orzamento de 3 millóns de euros e que estarán lideradas por centros de coñecemento galegos para aplicar a

nanotecnoloxía aos ámbitos biomédico, enerxético, alimentario, ambiental e da automoción.

Deste xeito, a Consellería de Economía, Emprego e Industria segue a potenciar o desenvolvemento da nanotecnoloxía na Comunidade, recoñecida xa como una tecnoloxía facilitadora de carácter prioritario na Estratexia de especialización intelixente de Galicia (RIS3) e na Axenda da Competitividade Galicia - Industria 4.0. Así, o seu carácter transversal estende a súa capacidade para incrementar a competitividade e o valor innovador de solucións en todos os sectores de actividade.